



PLAN DIXITAL

EPAPU Teixeira

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración
2. **Situación de partida**
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO
3. **Plan de Acción**
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas
4. **Avaliación do PD**
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)
5. **Difusión do PD**

Datos básicos do centro

- **Nome:** A denominación oficial do centro é Centro Público de Educación e Promoción de Adultos de Teixeira.
- **Dirección:** Estrada de Paradela s/n 15310-Curtis-Teixeiro
- **Correo:** epa.teixeiro@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** www.edu.xunta.gal/centros/epaputeixeiro
- **Data de creación:** Foi creado no curso 2007-2008 como Centro de Educación de Adultos destinado a satisfacer as necesidades educativas das persoas internas no Cárcere de Teixeira.
- **Niveis educativos:** A Orde do 26 de Xuño de 2007 autorizou o EPAPU a impartir as ensinanzas de Nivel I, II e III de EPA: Esinanza Básicas Iniciais (EBI) e ESA así como ensinanzas de Lingua galega e castelá para inmigrantes. A Orde do 20 de Agosto de 2012, publicada no DOG de 30 de agosto de 2012 autoriza ao Centro á impartir o Bacharelato de adultos na modalidade semipresencial. A Orde do 28 de maio de 2015, pola que se autoriza a este centro a impartir ensinanzas de Nivel II (EBI) e Modulos I, II, III e IV de ESA semipresenciais.
- **Número de alumnado:** 463
- **Número de profesorado:** 12

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O EPAPU de Teixeira está situado no interior do Centro Penitenciario de Teixeira no lugar de Paradela preto da estrada que une a Autovía do Noroeste ca cidade de Santiago de Compostela, no Concello de Curtis.

O edificio que alberga o EPAPU denomínase Módulo Sociocultural-Polideportivo do Centro Penitenciario. Dentro deste edificio lévanse a cabo outras actividades como cursos de formación para funcionarios de II.PP, as actividades propias do coordinador de formación do Centro Penitenciario, etc. contén tamén a capela, o salón de actos e os departamentos deportivos do cárcere.

Tamén, se atende a todos aqueles alumnos clasificados no 1º Grado Penitenciario que pola súa normativa penitenciaria non poden acudir ás clases regradas e o soliciten mediante instancia. A atención é voluntaria por parte dos docentes.

Trátase dun centro que, dadas as especiais circunstancias do alumnado, ten como principal dificultade, a diversidade de procedencia do alumnado, así como a propia mobilidade e incorporación continua de novos alumnos/as ás aulas. O noso alumnado procede de case todas as Comunidades Autónomas do Estado e tamén dunhas 25 nacionalidades diferentes do mundo.

A realidade social do EPAPU de Teixeira dista moito de ser parella á de calquera centro de educación primaria, secundaria ou mesmo á doutros centros de adultos. A nosa realidade é a de "intramuros", o cárcere, *a priori*, nós non contamos con realidades familiares directas, os nosos alumnos non teñen contacto cunha realidade social exterior, agás os funcionarios de prisións e persoal que traballa no centro e o profesorado da escola.

Espérase que o Plan Dixital do Centro contribua pouco a pouco a promover un cambio na práctica educativa e formativa do centro, consistente nunha utilización efectiva e eficiente dos recursos dispoñibles mediante a súa integración na metodoloxía empregada, promovendo e facilitando a adquisición das necesarias competencias dixitais polos seus usuarios naturais, alumnado e profesorado.

Ó longo do curso 2022-2023, conforme a implantación do LOMLOE vaise convertindo nunha realidade, compre afondar no desenvolvemento da competencia dixital do profesorado e do alumnado, ó tempo que se vai creando una eficiente estrutura tecnolóxica que permita aproveitar os novos recursos postos a disposición polos investimentos tecnolóxicos efectuados.

Tamén organizárase a oferta formativa do profesorado e alumnado en canto á dixitalización en función das súas necesidades e dos obxectivos establecidos, un dos cales debe ser facer efectivo a posta en marcha da Aula Virtual.

Breve xustificación do mesmo

A LO 2/2006 de educación, establece os principios de actuación das administracións educativas e dos centros docentes en relación cas Tecnoloxías da Información e da Comunicación

no artigo 111 bis, establecendo no artigo 120.1 a necesidade de incorporar no Proxecto Educativo do Centro a estratexia dixital do mesmo.

Nese sentido a Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucción para o desenvolvemento do curso académico 2021-2022, establece na súa disposición adicional 5ª que os centros elaborarán ó longo de dito curso o seu Plan Dixital.

Finalmente, na Resolución de 3 de setembro de 2021, se ditan as instrucións para o deseño, elaboración e implemntación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos na comunidade autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración

Todo o Claustro dende o principio do curso involucrouse no proceso de elaboración do Plan Dixital. Primeiramente houbo unha presentación do Plan Dixital, despois se implementou e cubriu a enquisa SELFIE e os test de competencia dixital docente (TestCDD). En colaboración co CFR e seguindo as súas instrucións, realizou o análise DAFO da competencia dixital do centro. En función dos resultados de todos estes elementos, elaborouse o Plan de Acción, definindo os obxectivos, os indicadores, accións e o proceso de avaliación a desenvolver dentro do mesmo nos vindeiros cursos.

Finalmente redactouse o documento final e presentárase en breve a Claustro, iniciando unha nova etapa na implementación de este plan.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O EPAPU dispón dos seguintes medios para o desenvolvemento do plan:

- Unha rede conectada a internet para o profesorado.
- Unha aula de informática con 16 computadoras (con Windows 7).
- Portátiles na sala de profesores e un ordenador de sobremesa
- Unha computadora na biblioteca para uso do profesorado.
- Tres computadoras na Sala de Dirección máis un portátil.
- Once tablets e un ordenador convertible.
- Once canóns proxectores.
- Dúas pizarras dixitais.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3	4,1	3,9		
	Profesorado	3,7	2,7	3,1		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,1	3	3,3		
	Profesorado	3	2,3	2,3		
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	1,6	1,9	1,7		
	Profesorado	2,9	2,3	2,4		
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,3	3,8	3,7		
	Profesorado	3,5	2,7	3,2		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4	3,3	3,3		
	Profesorado	3,4	3,3	3,2		
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,3	1,5	2		
	Profesorado	3,1	2,2	3		
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,9	1,6	1,5		
	Profesorado	2,6	1,8	2,3		
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,1	1,1	1		
	Profesorado	2	1,4	1,6		
	Alumnado					

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	9	10	90%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
50,3	Explorador/a(A2)	76,4	Integrador/a(B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
BAC	56	Explorador/a(A2)	77,9	Integrador/a(B1)
EBI	44,7	Explorador/a(A2)	79	Integrador/a(B1)
ESO	54,9	Explorador/a(A2)	75,9	Integrador/a(B1)
ENR	41,3	Explorador/a(A2)	75,4	Integrador/a(B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	8,3%
A2	9	75%
B1	2	16,7%
TOTAL	12	100,00%

Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>C2 No noso centro hai dispositivos dixitais que podo utilizar no meu traballo como docente.</p> <p>C5 O noso centro conta con asistencia técnica cando se orixinan problemas relacionados cas TIC.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Posibilidade de mellora no acceso a internet. - Imaxe de modernidade. 	<p>C3 O noso centro non ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe</p> <p>C8 No noso centro non existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p> <p>C10 No noso centro non hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p> <p>C7 No noso centro non existen sistemas de protección de datos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Infrutilización dos escasos recursos que existen nas aulas.
	PERSOAL DOCENTE	<p>B3 No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras Organizacións.</p> <p>D2 Teño acceso a posibilidades de Desarrollo Profesional Continuo en materia de ensino e aprendizaxe com tecnoloxías Dixitais.</p> <p>E1 Busco recursos educativos dixitais en internet.</p> <p>F1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p> <p>G1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Relación cordial entre o profesorado -Claustro colaborativo coas iniciativas que se desenvolven no centro. 	<p>E3 Falta de utilización de ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos.</p> <p>E4 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro Educativo.</p> <p>F5 Non emprego as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado.</p> <p>F6 Non fomento a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.</p> <p>G5 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G6 Non utilizo as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Priorizar ensinanzas por contidos. -A maioría do profesorado que participou no test CDD está no nivel A2, explorador, por debaixo da media de Galicia.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Diversidade do alumnado - Escasa conflictividade. - Ratio axeitado entre profesorado e alumnado. 	<p>C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio.</p> <p>H1 No noso centro o alumnado non aprende a actuar com seguridade em internet.</p> <p>H3 No noso centro o alumnado non aprende a actuar de forma responsable en internet.</p> <p>H4 No noso centro o alumnado non aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.</p>

			<p>H6 No noso centro o alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet</p> <p>H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos Dixitais.</p> <p>H8 No noso centro o alumnado non aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.</p> <p>H11 No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar.</p> <p>H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais.</p> <p>FNAM Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais e a unha conexión estable de internet.</p>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A4 No noso centro os profesores teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A3 Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais</p> <p>PE2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte</p> <p>-Incremento dos programas de innovación educativa.</p> <p>-Boa coordinación entre o profesorado debido ó reducido tamaño do claustro.</p>	<p>A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital.</p> <p>B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>-Aumento de factores que perxudican a participación no ámbito educativo.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>PE3 As distintas modalidades formativas que organiza a Administración educativa axústanse ás necesidades formativas en competencia dixital</p> <p>-Uso das TIC co alumnado. Incremento da participación.</p> <p>- Proxección e perspectiva de expansión.</p>	<p>- Duplicidade administrativa.</p> <p>- Excesiva burocracia xa que dependemos de dúas institucións.</p>
	LEXISLACIÓN		<p>A5 No noso centro non respectamos os dereitos de autor e non utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>-Cambios lexislativos continuos que dificultan o desenvolvemento de plans a longo prazo.</p>
	CONTORNA	-Boa relación co Concello.	<p>- Obstáculos na contorna.</p> <p>- O noso centro non colabora con outros centros da zona.</p>
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	<p>- Colaboración coa red de escolas asociadas da UNESCO.</p> <p>-Favorecer o contacto ca EOI.</p>	-Disminución da poboación académica.

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Partindo dos datos recollidos polo test SELFIE e do test CDD do centro realizouse unha análise cuantitativa centrándonos naqueles aspectos que obtiveron menor puntuación e daqueles nos que se acadaron mellores resultados. Con eses datos elaborouse o DAFO.

A partir do DAFO determináronse as seguintes áreas prioritarias:

1. Desenvolvemento profesional continuo.
2. Infraestruturas e equipos.

Os obxectivos prioritarios a acadar son os seguintes:

- Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos. (dereitos de autoría, avaliación, creación de contidos...)
- Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe.

A continuación detállanse para cada un dos indicadores, accións a desenvolver, e a súa temporalización.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 1: (1)	Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos. (dereitos de autoría, avaliación, creación de contidos...)(D1-D2-D3)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Creación de contidos relacionados na aula virtual do centro.					
Valor de partida: (3)	Contidos creados sen ter en conta temas de autoría, emprego de sistemas de avaliación convencionais.					
Valor previsto e data: (4)	Participación do profesorado na formación.			Remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Solicitar formación específica.	Equipo directivo.	1º Trimestre	Claustro.	Formación solicitada	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Desenvolver formación no PFPP sobre lexislación de autoría, avaliación, creación de contidos multimedia..	Equipo directivo.	Maio 2023	Claustro. Servizo de formación do profesorado.	Número de profesores vinculados á formación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Elaborar e valorar de xeito crítico os contidos empregados na aula virtual.	Claustro.	Xuño 2023	Claustro.	O 100% dos contidos empregados respectan os dereitos de autoría, os profesores empregan ferramentas de avaliación diversas, acordos ás necesidades do alumnado.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: C- INFRAESTRUTURA E EQUIPOS						
OBXECTIVO 2: (1)	Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe. (C16)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador/a TIC.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Número de contidos creados ou seleccionados na aula virtual do centro por cada nivel e ámbito.					
Valor de partida: (3)	Inexistencia de repositorio.					
Valor previsto e data: (4)	Existencia de repositorio con materiais para cada nivel e ámbito.			Remate do curso 2022/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1:Formación básica no uso da aula virtual.	Equipo directivo e coordinador/a TIC.	1º Trimestre.	Coordinador/a TIC e/ou persoal docente do centro con competencia dixital suficiente(non se busca certificación. Búscase aprendizaxe cooperativa).	50% do profesorado participa na sesión de formación.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2:Crear un espazo virtual para albergar os distintos recursos que se pretendan empregar.	Administrador da aula virtual e coordinador/a TIC.	1º Trimestre.	Aula virtual e aula de informática.	Espazo introducido na aula virtual.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3:Deseñar e crear contidos dixitais para os diferentes niveis e ámbitos, dispoñibles no repositorio.	Claustro.	2º e 3º Trimestre	Aula virtual, aula de informática e claustro.	Repositorio creado con 2 recursos de ensino-aprendizaxe.	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

	Dotación	Necesidade	Finalidade
Infraestrutura	Internet nas 9 aulas. Teléfono na sala de profesores	Aulas dinámicas.	Docencia interactiva. Que nosos alumnos estén o mesmo nivel que os do exterior.
Equipamento	22 ordenadores portátiles(12 para os docentes e un ordenador para cada aula, 9 aulas. E un ordenador para a biblioteca) e 7 pizarras dixitais. Unha pantalla grande para publicitar eventos.	Non temos ningún tipo de dotación tanto de software como de informáticos do docente. hardware facilitado por ningunha administración, salvo os 12 laptops (que xa están obsoletos) adquiridos polo centro cos fondos propios.	Actualización deses medios de software e de informáticos do docente. Actualización do centro dixitalmente.
Servizos dixitais	Suscripción de almacenamento na nube.	Necesitamos compartir material educativo.	Poder traballar de maneira máis eficiente.

Avaliación do plan

O Plan dixital terá que ser revisado anualmente para a valoración do logro dos obxectivos, incorporar as melloras desenvolvidas na fase anterior, e implementar novas liñas de actuación. Tamén se farán reunións trimestrais onde se valorará o estado de consecucións dos obxectivos, posibles modificacións e propostas de mellora.

Obxectivo 1: “Desenvolver programas de formación do profesorado para mellorar a competencia en ámbitos específicos. (dereitos de autoría, avaliación, creación de contidos...)”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase a solicitude da formación; e ata maio o número de profesores vinculados á formación.

Avaliación final: Valorarase se os O 100% dos contidos empregados respectan os dereitos de autoría, os profesores empregan ferramentas de avaliación diversas, acordes ás necesidades do alumnado.

Obxectivo 2: “Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais de ensinanza-aprendizaxe.”

Avaliación procesual: No primeiro trimestre avaliarase se o 50% do profesorado participa na sesión de formación e a creación dun espazo virtual para albergar os distintos recursos que se pretendan empregar..

Avaliación final: Valorarase a creación dun repositorio con 2 recursos de ensino-aprendizaxe.

Difusión do plan

O Plan Dixital publicarase na páxina web do centro, daráselle difusión no Claustro e colgarase na aula virtual do centro.